

Premio Álvaro Cunqueiro para o dramaturgo Manuel Lourenzo

FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS ▶ O autor lugués regresa a Shakespeare no texto teatral gañador do certame de Agadic, dotado con 6.000 euros ▶ Tamén foron galardoados Neira Cruz, Ignacio Vilariño e Begoña García

REDACCIÓN • SANTIAGO

Manuel Lourenzo, coa obra *Flores de Dunsinane*, resultou onte gañador da edición 2009 do Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, galardón que recibiu de mans do conselleiro de Cultura e Turismo, Roberto Varela Fariña, no acto de apertura da XVII Feira Galega das Artes Escénicas.

Coincidindo coa inauguración do evento, que se desenvolve ata o vindeiro venres en cinco espazos de Santiago, déronse a coñecer así mesmo os nomes dos autores recoñecidos este ano co resto dos premios literarios que convoca a Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais): Xosé A. Neira Cruz alzouse co Manuel María de Literatura Dramática Infantil polo texto *Sopa de xarope de amora*, mentres que o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques recaeu en Ignacio Vilariño por *Auga que non vas beber...*, na modalidade para adultos, e en Begoña García por *Bon appétit*, na categoría de teatro para rapaces.

Varela presidiu este acto de entrega de premios, no que a presidenta do xurado, Blanca Ana Roig, desvelou o nome dos catro autores galardoados, que percibirán unha dotación económica de 6.000 euros cada un. Ademais, segundo establecen as bases, os textos poderán ser publicados pola Agadic nalguna das coleccións dramáticas que mantén abertas en colaboración con diferentes editoriais galegas.

Grande do teatro galego

Coa concesión do XVIII Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais á obra *Flores de Dunsinane*, distínguese a un dos grandes nomes da nosa escena, Manuel Lourenzo, quen suma así o galardón de máis longa traxectoria no ámbito teatral galego á súa ampla nómina de recoñecementos públicos como dramaturgo, director e actor.

O xurado destacou do texto gañador o seu ritmo, así como "o emprego dunha linguaxe rica, poética e expresiva dramaticamente". En *Flores de Dunsinane*, Lourenzo reinterpreta o Macbeth de Shakespeare, centrando o argumento en Fleance, fillo de Banquo. O compañeiro de armas de Macbeth, a quen este mandara asasinar, emprega a súa astucia para chegar a rei de Escocia e agora, vello e moribundo, recibe a visita dos seus antecesores, os Macbeth, cos que revive o reinado sanguento destes.



Manuel Lourenzo, esquerda, recibe o premio Álvaro Cunqueiro de mans do conselleiro Roberto Varela

O IV MANUEL MARÍA

Comedia áxil e personaxes estrambóticos

O IV Manuel María de Literatura Dramática Infantil foi para *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz, quen obtén por segundo ano consecutivo un dos premios literarios convocados pola Agadic, despois de que a súa obra *O punto da escarola* fora recoñecida en 2008 co Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques na modalidade de teatro para rapaces.

Sopa de xarope de amora é, segundo o ditame do xurado, "unha comedia áxil e divertida, protagonizada por personaxes estrambóticos que actualizan algúns dos tradicionais contos de fadas creando unha atmosfera que estimula a imaxinación". No ditame destácase, así mesmo, a boa resolución dramática tanto dos personaxes coma dos escenarios onde se desenvolve a acción. Xornalista, profesor uni-

versitario e autor especializado en literatura infantil, Neira Cruz presenta nesta obra as peripecias do doutor Amorodo, científico ao servizo das casas reais, que vive completamente namorado de dona Chismunda. O humor, a parodia das linguaxes teatrais e televisivas e a crítica aos poderes establecidos están presentes ao longo de toda a historia.

Musical satírico

Canto ao VII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques, *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño Santmartín, foi a obra galardoada na categoría de teatro para adultos. Neste caso, o xurado valorou a axilidade e a ironía dun texto que "entronca co teatro de Cachiporra na tradición de Barriga Verde, Blanco Amor e Dieste". Cunha ampla traxectoria profesional

no ámbito do teatro de monicreques, na actualidade Vilariño dirixe a compañía Fantoques Baj. En *Auga que non vas beber...*, constrúe un "musical satírico para marionetas" que, inspirado na tradición oral anticlerical ibérica, conta os amoríos do Padre Damián, párroco de Agolada.

Na modalidade de teatro para rapaces, o Barriga Verde recaeu en Begoña García con *Bon appétit*, que o xurado define como "unha peza de estrutura clásica que ofrece un canto á gastronomía", na que están "moi ben adevezados" os ingredientes dramáticos e culinarios, ademais de adaptarse perfectamente ao teatro de monicreques.

Actriz e autora teatral, nos últimos anos Begoña García centrouse na escrita de guións audiovisuais e de textos para a escena e para a radio ■

Las críticas de Saramago a la Biblia disgustan a la Iglesia católica lusa

LITERATURA ▶ El escritor, inmerso en la promoción de su libro 'Caín', arremetió contra las Sagradas Escrituras

EFE • LISBOA

Portavoces de la Iglesia católica de Portugal reaccionaron ayer disgustados a las críticas que hizo a la Biblia el Premio Nobel de Literatura 1998, el luso José Saramago, cuando presentó el domingo su nueva novela, *Caín*.

En declaraciones a medios lusos el portavoz de la Conferencia Episcopal portuguesa (CEP), Manuel Morujão, atribuyó a Saramago objetivos "publicitarios" y lamentó que aborde las Sagradas Escrituras en un tono ofensivo impropio de un premio Nobel.

El escritor portugués presentó el domingo su más reciente novela durante un homenaje en la localidad de Penafiel, en el norte de Portugal, y consideró la Biblia "un libro terrible y sombrío" y un manual de "malas costumbres" que no debería estar al alcance de los niños.

"Sin la Biblia seríamos otras personas, seguramente mejores", dijo Saramago, que criticó también el papel de Dios en el episodio bíblico de Caín y Abel, que él recrea con ironía e irreverencia religiosa en su obra.

Pero Morujão salió en defensa del valor moral y cultural de la Biblia y recordó el valor que tiene para muchos eruditos pese a la opinión del Nobel luso de literatura, al que achacó "poca seriedad".

Según el portavoz de la CEP, que no se ha pronunciado oficialmente sobre el asunto, Saramago "no entiende" las formas literarias, el simbolismo y los mensajes de la Biblia, cuyo contenido es muy rico, recordó, constituye "un libro de buenas costumbres".

Saramago consideró que los judíos más que los católicos, que tienen poco en cuenta la Biblia, pueden sentirse ofendidos con su libro, que ha salido esta semana a la venta en Latinoamérica y la Península Ibérica y en ediciones en español, portugués y catalán. El escritor portugués publicó en el año 1991 otra obra que disgustó a la Iglesia católica, *El evangelio según Jesucristo*.